

CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL

Auditorio municipal de Padrón (A Coruña),
21-26 febreiro 2000

AUSPICIAO

“Asociación Internacional de Salud y Medio Ambiente Urbano”
“International Association of Health and Urban Environment”

DIRIXIDO E IMPARTIDO

Prof. Dr. F.J. Peña Castiñeira
Experto en Saúde Ambiental

ORGANIZA



Concello
de Padrón

PATROCINA



COLABORA



Asociación Galega de Medioambientalistas

PROGRAMA “MUNICIPIOS SAUDABLES 2000” DE FORMACION E RECICLAJE DE TÉCNICOS EN SAÚDE AMBIENTAL

INFORMACIÓN XERAL

OBXECTIVOS

- Integración da dimensión dos aspectos ambientais da saúde na formación e reciclaxe de técnicos en saúde ambiental, coa finalidade de actualizar a súa formación e adecuala as esixencias que demanda a sociedade actual, para que contribúa a mellora-la xestión e as condicións de vida urbana dos cidadáns.
- Establecer un foro de debate e estudo que aborde a situación dos municipios, dos seus problemas e carencias que se consideran máis importantes así como das posibles solucións a adoptar; ademais de permitir a cooperación e o diálogo entre todo-os axentes sociais implicados.

DESTINATARIOS

- Técnicos, funcionarios e responsables políticos da Administración Local, Deputacións e Mancomunidades así como profesorado, que desenvolvan a súa actividade ou estén relacionados coas áreas obxecto de estudo.
- Técnicos e xestores de empresas, así como profesionais libres que desenvolvan a súa actividade ou estén relacionados coas áreas obxecto de estudo.
- Titulados en paro e estudantes interesados no tema.

N.º DE PRAZAS, INSCRIPCIÓN E MATRÍCULA

- Número de prazas: estará limitado a 50, que se cubrirán por riguroso orde de inscrición.

Cuota de inscrición:

- a/ Profesionais con actividade: **15.000 PTA.**
- b/ Titulados en paro e estudantes que acrediten a súa condición: **7.500 PTA.**
- **Forma de pago:** o abono efectuarase mediante transferencia bancaria a **CAIXA PONTEVEDRA**, nº de conta: **2057 0093 66 0201000348.**

- **Forma de inscrición:** rellena-lo boletín de inscrición, que deberá acompañarse do xustificante de pago, e se presentará ou enviará por fax/correo á Secretaría do Curso. O prazo de inscrición abrirase o luns 31 de xaneiro, fixándose a data límite de formaliza-la inscrición o venres 18 de febreiro as 14,00 horas.

DOCUMENTACIÓN

- Os alumnos matriculados no curso recibirán o libro a cor: “*Medio Ambiente y Salud*”, que contou co respaldo da Oficina Rexional para Europa da OMS que recomenda plenamente esta publicación, editada por Editorial Compostela SA (1998) e da que é autor Francisco José Peña Castiñeira.

DIPLOMA ACREDITATIVO

- Aqueles alumnos que participen con regularidade nas sesións programadas do curso, que consta de 25 horas lectivas, recibirán un diploma acreditativo de asistencia.

SEDE, DATAS E HORARIO

- Sede: Auditorio municipal de Padrón (A Coruña).
- Datas: do 21 ó 26 de febreiro do ano 2000.
- Horario: de 16,00 a 20,00 horas (de luns a venres), e de 09,00 a 14,00 horas (sábado).

SECRETARÍA DO CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL

Centro Social do Concello de Padrón

D.ª María Cruz Taboada Álvarez (secretaria do curso)
Campo do Souto, s/n.

PADRÓN (A CORUÑA)

Tel: 981 81 13 29 - Fax: 981 81 13 62

SECRETARÍA DO CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL CENTRO SOCIAL DO CONCELLO DE PADRÓN

D.ª María Cruz Taboada Álvarez (secretaria do curso)

Campo do Souto, s/n
PADRÓN (A CORUÑA)

Tel: 981 81 13 29

Fax: 981 81 13 62

Cada día ten maior importancia o coñecemento do medio ambiente dunha comunidade, xa que é un condicionante do seu bienestar social, sanitario e económico. A industrialización e a urbanización modificaron o medio dando orixe a problemas ambientais que é preciso correxir, así como evitar que as actividades futuras orixinen máis deterioros en noso entorno a través dunha política preventiva que permita un desenvolvemento sostiúdo e equilibrado e teña como obxectivos a protección da saúde do home e a conservación de todo-os recursos que condicionan e sustentan a vida.

A Oficina Rexional para Europa da OMS, baseándose nas iniciativas de Cidades Saudables, e tendo en conta as experiencias dos plans de sanidade ambiental locais e os programas da Axenda 21 existentes nalguns países europeos, decidiu apoiar as entidades locais e rexionais para alcanzar os obxectivos do desenvolvemento sostiuble; sendo esta unha oportunidade máis, a través da posta en marcha deste programa, de concienciar-los concellos galegos da importancia de asumir esta filosofía na súa xestión.

Precisamente, co fin de abordar e debater algúns dos problemas prioritarios que teñen os concellos, e favorecendo a interrelación entre a saúde e o medio ambiente urbano para promover-la mellora das condicións de vida urbana, organízase este curso, que auspiciado pola "Asociación Internacional de Salud y Medio Ambiente Urbano" está deseñado dacordo cos principios da Carta Europea sobre Medio Ambiente e Saúde é dirixido a todos aqueles que traballan ou están interesados na saúde ambiental.

Finalmente destaca-la necesidade de reunir esforzos por parte de responsables políticos, empresarios, científicos, educadores, profesionais, comunicadores, ecoloxistas, así como a participación activa dos cidadáns, en aras de conseguir un "medio ambiente saudable para todo-los galegos", mellor legado para xeracións vindeiras.

F. J. Peña Castiñeira

PROGRAMA

LUNS 21, FEBREIRO

16,00 h: Recollida de documentación.

16,30 h: Acto de apertura do curso.

Tema 1: "Saúde ambiental: introducción".

Tema 2: "Contaminación atmosférica: causas e efectos sobre a saúde e o benestar, prevención e loita".

Tema 3: "Ruído ambiental urbano e saúde: fontes de polución sónica e consecuencias sobre a poboación. Prevención e loita contra a contaminación acústica".

MARTES, 22 FEBREIRO

Tema 4: "Infraestructuras de servizos sanitarios urbanos (I). Importancia dos sistemas de abastecemento hídrico e de saneamento das augas residuais en relación coa saúde pública. Vixilancia e control sanitario das augas potables de consumo público. Sistemas de depuración das augas residuais. Aspectos sanitarios da recollida, transporte e destino final do lixo. Xestión integral de residuos sólidos urbanos".

MÉRCORES, 23 FEBREIRO

16,00-20,00 h: Visitas de prácticas ó Xardín Botánico Artístico de Padrón, ETAP e EDAR municipais xestionadas por Espina & Delfín SL, e as instalacións de GAMA Gallega Medio Ambiente SL, para velo procesado do papel procedente da recollida sectiva.

XOVES, 24 FEBREIRO

Tema 5: "Outros servizos sanitarios urbanos (II). Abastecemento alimentario. Normas sanitarias en locais públicos. Vixilancia e control sanitario de piscinas e pratas. Policía sanitaria mortuoria".

Tema 6: "Alimentación, nutrición e saúde pública. Contaminación alimentaria e saúde: problemática sanitaria, social e económica das intoxicacións e toxinfecións alimentarias. Cómo evitar que os alimentos poidan resultar perxudiciais para a saúde. Control sanitario dos manipuladores de alimentos".

VENRES, 25 FEBREIRO

Tema 7: "Saúde urbana e saneamento. Urbanismo e urbanización. Vivenda hixiénica. Campañas de desratización e desinsectación. RAMINP".

Tema 8: "A empresa ante o reto ambiental do século XXI. Industrialización, ambiente de traballo e saúde. Riscos do ambiente de traballo e trastornos ó traballador: a súa prevención. Programa de hixiene e seguridade industrial. Relación da industria coa poboación".

SÁBADO, 26 FEBREIRO

Tema 9: "Municipios saudables. Responsabilidade da Administración Local na protección do medio ambiente: competencias e sistemas de financiamento. Xestión sanitaria do medio ambiente: diagnósticos de saúde ambiental. Instrumentos de xestión ambiental (preventivos, correctivos, curativos e potenciativos), co especial referencia á información, formación, investigación, educación e participación cidadá".

Tema 10: "Importancia da protección e conservación do medio natural galego".

13,00 h: Acto de clausura e entrega de diplomas acreditativos de asistencia.

BOLETÍN DE INSCRICIÓN CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL Auditorio municipal de Padrón, 21-26 febreiro 2000

Cuotas de inscrición:

Profesionais con actividade

15.000 PTA.

Titulados en paro e estudantes que acrediten a súa condición

7.500 PTA.

Apelidos
Nome
Actividade o cargo
Centro de traballo
Dirección
NIF
Teléfono
Fax
Cidade
Provincia
País